



Concello de
Ouro

Mesón s/n - 27865 Ouro - Lugo · Tel. 982 559 109

www.concellodeouro.es

concellodeouro@concellodeouro.es

Ouro



Abónate á Compostaxe!



Concello de
Ouro

Mesón s/n - 27865 Ouro - Lugo · Tel. 982 559 109

www.concellodeouro.es

concellodeouro@concellodeouro.es

Ouro

Abónate!

Estimados veciños e veciñas,

Dende o Concello de Ouro estamos traballando na mellora do servizo de xestión de residuos domésticos, cumprindo coas obrigas legais establecidas pola diferentes administracións. Desta vez queremos centrar nos residuos orgánicos, xa que os restos de comida e os restos vexetais representan case a metade en peso, dos residuos que xeramos nos nosos fogares. Ademais son o tipo de residuo que xera mais problemas medioambientais, se non se trata axeitadamente. Ademais, a lexislación nos marca que como concello temos que ofrecer unha xestión separada dos bioresiduos.

Temos que ter en conta que os residuos orgánicos son os únicos residuos que as persoas podemos reciclar (dar un novo uso) na nosa casa de maneira sinxela e así aforramos os costes económicos e as emisións de gases da recollida e do tratamento destes residuos.

Como mostra deste compromiso ambiental, o Concello de Ouro empeza un plan de compostaxe doméstico, coa implantación de 40 composteiros en diferentes casas do noso municipio. Así queremos mellorar a separación en orixe da fracción orgánica municipal. Isto vai significar unha mellora ambiental, económica e social para o noso concello.

Quen pode solicitar un composteiro doméstico? Poderano solicitar os veciñas e veciñas empadroados no Concello de Ouro que residan nunha vivenda unifamiliar e dispoñan dunha parcela verde onde instalar o composteiro.

Con que finalidade se solicita este composteiro? Co obxectivo de xestionar os restos da comida xerados nos fogares e os restos da eira e da horta. Deste xeito, reducimos a cantidade de residuos que van ao colector da fracción resto e axudamos a cumprir coa normativa vixente en materia de residuos.

Se queres axudar a mellorar a xestión dos residuos do Concello de Ouro podes solicitar o teu composteiro ao Concello, chamando ao número 982 559 109 ou a través do seguinte correo electrónico, concellodeouro@concellodeouro.es

A inscrición é totalmente de balde e recibirás un composteiro doméstico, un manual de compostaxe e terás a túa disposición asesoramento técnico durante todo o proceso. A entrega do composteiro realizarase nunha charla informativa. As persoas apuntadas recibirán unha chamada coa data e hora da convocatoria.

Esperando contar coa vosa participación, recíbide un cordial saúdo

José Luis Pajón
Alcalde de Ouro



Compostaxe